

PROGRAMA ESCOLAR

Visita á Casa de Rosalía



Nas visitas escolares o noso obxectivo é que o alumnado poida entender de forma efectiva e didáctica a importancia de Rosalía como figura central da cultura galega e como eixo dunha familia que funcionou como unha auténtica factoría cultural ao servizo do Rexurdimento.

É por iso que vimos de renovar a oferta didáctica desta Casa-Museo para todas as idades escolares, incluíndo visita guiada + actividade didáctica.

Velaquí as posibilidades segundo o nivel educativo:

Onde está Murga? (Infantil e 1º e 2º de Primaria)

Na casa de Rosalía vive tamén Murga, un rato moi bulideiro e artista. Pero Murga non é fácil de ver. Coa axuda dun mapa, os nenos e nenas percorreren as diferentes salas na busca do rato, coñecerán o seu día a día na Casa, que lle gusta e que fai, á vez que se achegan á vida de Rosalía e a súa familia. Inclúe a realización de chapas.

Duración (aprox): 60 min

Horario: 10:15h, 11:45h ou 16:15h

Participantes por visita: +/- 25

Expedición Rosalía (3º e 4º Primaria)

Nesta expedición pola Casa de Rosalía os visitantes convértense en intrépidos exploradores. Avanzan polas diferentes salas coa axuda dun mapa para descubrir a vida da escritora e a súa familia. Atender as explicacións e realizar unha pequena tarefa dálles o pase para o seguinte cuarto, completando deste xeito as oito salas da Casa.

Duración (aprox): 60 min

Horario: 10:15h, 11:45h ou 16:15h

Participantes por visita: +/- 25

Escape-room: Cantares miúdos (5º e 6º de Primaria)

Logo da visita guiada á Casa-Museo, o alumnado acaba encerrado no auditorio. Só poderá saír se consegue abrir o candado da caixa que contén a chave da porta. Para iso, os rapaces e rapazas necesitan colaborar e descubrir un código de catro díxitos que só obterán se descifran os diferentes retos e enigmas relacionados coa figura de Rosalía.

Duración (aprox): 60 min

Horario: 10:15h, 11:45h
ou 16:15h

Participantes por visita: +/- 25

Escape-room: Descifrando Rosalía (ESO)

Despois da visita guiada pola casa, o alumnado acaba pechado no auditorio, do que poderá saír cando abra o candado da caixa que garda a chave da porta. En grupos, os rapaces e rapazas deberán colaborar e resolver os enigmas e retos relacionados coa vida de Rosalía e a súa obra, o que lles proporcionará o ansiado código.

Duración (aprox): 60 min

Horario: 10:15h, 11:45h
ou 16:15h

Participantes por visita: +/- 25

Bacharelato

Visita guiada clásica, similar á dos adultos, pola Casa-Museo e polo Xardín de Rosalía.

Duración (aprox): 60 min

Horario: 10:15h, 11:45h
ou 16:15h

Participantes por visita: +/- 25

PREZOS

Entrada:

2 euros para o alumnado
(profesorado acompañante de balde)

Inclúe:

Visita guiada + actividade didáctica

Hai unidades didácticas ao voso dispor de cada un dos niveis educativos, para traballar antes e despois da visita.

[FAI CLIC AQUÍ](#)

VISITAS AUTÓNOMAS

As escolas que prefiran facer unha visita autónoma, é dicir, guiada e dirixida polo seu propio profesorado, poderán facelo. Poden utilizar as nosas unidades didácticas, con material para preparar previamente, para a propia visita e para despois da visita.

Duración máxima: 60 min

Horarios: 10h, 11h, 12h, 16h ou 17h

Máximo de participantes por visita: 25

Aínda que sexan autónomas, a reserva é obrigatoria

INFORMACIÓN XERAL

Reserva de visitas:

Por teléfono:

+34 981 811 204

Por correo:

fundacion@rosaliadecastro.gal

Horario:

De xullo a setembro

10 -14:00h / 16-20:00h

Resto do ano

10-13:30h 16-19:00 h

Pechado todos os luns do ano

Domingos e festivos:

10-13:30h

<https://rosalia.gal>

+34 981 811 204

fundacion@rosaliadecastro.gal



CASA DE ROSALÍA